

**RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO DA CONVOCATORIA POLA QUE SE ADXUDICAN AS BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAL AUXILIAR EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN MARIÑA, TRAMITADO COMO EXPEDIENTE ANTICIPADO DE GASTO CONVOCADA POLA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2023**

No DOG nº 22 do 31 de xaneiro de 2024 publicouse a Orde para á convocatoria de catro bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña, tramitado como expediente anticipado de gasto (Código de procedemento PE609B).

Conforme ao estipulado na orde reguladora, a Comisión de Valoración, unha vez valoradas as solicitudes de acordo coas bases da convocatoria, elaborou a listaxe para a proposta de adxudicación das bolsas para a formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña para persoas con titulación de técnicos superiores de ciclos formativos de grao superior.

De conformidade co contido da citada listaxe e vista a proposta de adxudicación do órgano instrutor, **RESOLVO:**

1. Adxudicar as bolsas para a formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña para persoas con titulación de técnicos superiores de ciclos formativos de grao superior ás persoas que de seguido se relacionan, de acordo co disposto no artigo 13.4 da citada orde.

De acordo co artigo 6.4 da convocatoria, a contía das bolsas será de 900,00 euros brutos mensuais.

As persoas beneficiarias das bolsas integraranse no réxime xeral da Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

ADXUDICATARIOS/AS:					
APELIDO1	APELIDO 2	NOME	DNI	PUNT. TOTAL	IMPORTE
FAJARDO	CARRO	ÁNGELA	***9946**	3,85	21.600,00 €
PORTO	GUEDE	IAGO	***8754**	3,20	21.600,00 €
MÍGUEZ	AGUÍN	LARA	***7773**	2,20	21.600,00 €

2. Como o número de solicitudes valoradas é inferior ao número de bolsas ofertadas non se pode elaborar unha relación de suplentes.

3. Excluir as solicitudes que se relacionan de seguido

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
ABILLEIRA SIMES, SABELA	***8996**	a



CÓDIGO	CAUSA DA EXCLUSIÓN
a	Ter sido persoa beneficiaria destas bolsas ou outras similares en anteriores convocatorias desta dirección xeral por un período de tempo superior a 5 meses (Artigo 4.4)

4. As persoas beneficiarias das bolsas deberán confirmar a súa aceptación ou renuncia no prazo de dez días naturais seguintes a publicación da resolución de adxudicación das bolsas na páxina web da Consellería do Mar. Despois de transcorrer o mencionado prazo, se as persoas beneficiarias das bolsas non se pronunciasen en ningún sentido, entenderase que aceptan a bolsa.

5. As persoas beneficiarias das bolsas presentarán declaración responsable na que conste que non gozan doutro tipo de bolsa ou axuda financiada por calquera administración, institucións ou entes públicos; así como que non percibe soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria.

Tamén, coa aceptación da bolsa, as persoas beneficiarias das bolsas deberán presentar certificación médica acreditativa de non estar incapacitado/a fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir a realización normal da actividade formativa obxecto das bolsas.

6. As persoas beneficiarias terán as obrigas establecidas no artigo 17 das bases da convocatoria.

7. O período de realización das bolsas é de dous anos comprendidos entre o 20 de maio de 2024 e o 19 de maio de 2026.

8. Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Conselleiro do Mar no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, (asinado dixitalmente)

O Conselleiro do Mar

P.D. Orde do 21.02.2022 (DOG núm. 41 do 01.03.2022)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

(asinado dixitalmente)

